



LINGUA GALEGA

Ortografía

rodeira

Índice

Os signos de puntuación.....	3
Regras xerais de acentuación.....	5
Acentuación diacrítica.....	7
Ditongo, tritongo e hiato.....	9
Uso de «b» e «v».....	10
Uso de «h».....	12
Uso de «s» e «x».....	13
Uso de «x», «ll» e «i».....	14
Uso de «cc» e «ct».....	16
Uso de -zo, -za.....	17



Solucionario Ortografía 1

Actividades



Os signos de puntuación

- 1.** *Oración:* Dixen que calásedes, rapaces. *Regra:* 5 / *Oración:* Toda a miña familia, incluído meu pai, estaba de acordo. *Regra:* 2 / *Oración:* Podes levar a miña cámara de fotos, mais ten moito coidado. *Regra:* 7 / *Oración:* Eu quero ir a Lisboa; eles, a Barcelona. *Regra:* 4 / *Oración:* Cartos, xa non me quedan. *Regra:* 3 / *Oración:* Malpica de Bergantiños, 25 de outubro do 2005. *Regra:* 6 / *Oración:* Votaron a favor Dinamarca, Holanda, Bélxica e Alemaña. *Regra:* 1.
- 2.** *Oración:* Fun ao médico, á farmacia, ao mercado e ao banco. *Regra:* 1 / *Oración:* Xusto ás seis, apareceu Xoán pola porta. *Regra:* 3 / *Oración:* Ramón estuda no seu cuarto e Ana, no salón. *Regra:* 4 / *Oración:* Aquela carteira, a que me mercaras ti, moito me durou. *Regra:* 2 / *Oración:* Comprei esa caixa de lapis moi barata: só custou 1,20 euros. *Regra:* 6 / *Oración:* Oe, Afonso, podes axudarme con isto? *Regra:* 5 / *Oración:* Ela come moito, pero non engorda. *Regra:* 7.
- 3.** Para a tortilla de patacas necesito *patacas, ovos, aceite e sal*. / Os meses do inverno son *decembro, xaneiro, febreiro e marzo*. / Estas son as comidas do día: *almorzo, comida, merenda e cea*. / Os cinco continentes son *Africa, América, Asia, Europa e Oceanía*.
- 4.** *Ás veces*, eu xogo ás cartas co avó. / *Se volves cedo*, poderemos ir ao cine. / *A Carlos*, vou regalarlle este reloxo. / *Fame*, teño bastante.
- 5.** *A Marta, a miña noiva*, gústalle moito o teatro. / *Follas novas, a obra mestra de Rosalía de Castro*, foi publicada en 1880. / O vindeiro día 12, *mércORES*, inaugúrase o novo supermercado. / *Xoán, o veciño do segundo*, vai todos os días ao ximnasio. / *Esa guitarra, que pertenceu a John Lennon*, debe valer agora unha fortuna. / *Roma, a Cidade Eterna*, é unha das capitais europeas máis fermosas.
- 6.** Resposta aberta.
- 7.** Despois de escoitar as últimas noticias do día, como facía decote, Ramón Rama, o Seisdedos, foise deitar. *Ás atoutiñadas*, acendeu a morriñenta luz da lámpada da mesiña de noite para non molestar a Mercedes, a súa muller, que xa durmía. Estaba a punto de dar a media noite. Espiuse preguiceiramente e pendurou a camisa, a gravata e mais o traxe nunha cadeira que tiña alí adrede para iso. Os calcetíns deixounos nos zapatos. Pousou o paquete de tabaco e mais o acendedor na mesiña de noite. Finalmente vestiu o pixama e meteuse na cama. Axustou nas orellas os auriculares dun reloxo espertador para escoitar o programa deportivo da noite e, inexplicamente, sentiu receo dos números vermellos que o vixiaban con olladas de lume. Desacougado, sacou os auriculares e apagou a radio. *Axiña prendeu nel un sono quedo, nervioso, fuxidío*.

8. *Xoán vén acá*: indícase que Xoán se aproxima. – *Xoán, ven acá* (→ regra 5): dásele a orde a Xoán de que veña. / *Mónica, chamoute Luís* (→ regra 5): fábase con Mónica e chamou Luís. – *Mónica chamoute, Luís* (→ regra 5): fábase con Luís e chamou Mónica. / *Se me chamas mañá, dígocho* (→ regra 3): a condición para dicirlllo é que chame mañá. – *Se me chamas, mañá dígocho* (→ regra 3): a condición para dicirlllo mañá é que chame. / *Apuremos ou non colleremos o autobús*: se non se apura, non se colle o autobús. – *Apuremos ou non, colleremos o autobús* (→ regra 3): cóllese o autobús con preza ou sen ela.
9. Non quero máis. → *Non, quero máis*. / Por fin chega Antón. → *Por fin chega, Antón*. / Ana María e Inés irán no teu coche. → *Ana, María e Inés irán no teu coche*. / Alí había moitos homes mozos tamén. → *Alí había moitos homes, mozos tamén*.
10. A tenda, deberías de sabelo, pecha ás oito en punto; terás que volver mañá. → *regra 2*. / No encontro destacaron tres xogadores: Xosé, que defendeu moi ben; Carlos, que marcou dous goles; e Lourenzo, que parou un penalti. → *regra 1*. / Eu xa che dixera que, se suspendías, irías a clases particulares; polo tanto, agora non protestes. → *regra 3*.
11. A miña irmá sempre é puntual - hoxe chegou tarde. → *A miña irmá é puntual; en cambio, hoxe chegou tarde*. / Quero que a festa sexa unha sorpresa - non comentedes nada. → *Quero que esta sexa unha festa sorpresa; daquela non comentedes nada*. / A bicicleta que quero comprar é moi cara - xa podo ir aforrando. → *A bicicleta que quero comprar é moi cara; polo tanto, xa podo ir aforrando*. / Eu creo que tedes poucas posibilidades - non perdedes nada por intentalo. → *Eu creo que tedes poucas posibilidades; non obstante, non perdedes nada por intentalo*.
12. Foi o emperador romano Xulio César quen dixo: «cheguei, vin e vencín». → *regra 1* / Ola Xoán: Como che vai todo por Alemaña? → *regra 3* / Naquela librería había de todo: libros, xornais, cómics... → *regra 2* / A cama é cómoda: durmirei ben. → *regra 4*.
13. Resposta aberta.
14. O rapaz entrou naquela escura estancia do castelo. Sentiu algo ás súas costas e era... Unha pantasma! → *regra 1* / En palabras de Rosalía: «Adiós, ríos; adiós, fontes (...) non sei cando nos veremos». → *regra 4* / Ela anoxouse e berroulle a Paulo: «parvo do c...!» → *regra 3* / Coñezo varias capitais europeas: Londres, Lisboa, París... → *regra 2*.
15. Resposta aberta.
16. Atopabámonos en ruta cara a un punto da órbita de Urano. **A** nosa nave, a Kosmos VIII, era a máis perfecta das creadas ata daquela no noso país para viaxes a longa distancia. **E**ra capaz de acadar velocidades que só dez anos atrás resultarían impensables. / **A**s distancias do espazo aberto semellaban cada vez máis curtas no ámbito do noso Sistema Solar. **P**ouco a pouco sentíámonos donos de máis mundos. **P**ensabamos que xa nos quedaba pouco por descubrir antes de dar o gran salto cara aos espazos da Vía Láctea. / **E**ra un pracer gobernar unha nave como a Kosmos VIII. **C**omo sabedes, eu era o comandante. **U**n total de cinco persoas formabamos a misión. **T**res ordenadores de resposta real axudábanos.

17. ■ → dous puntos (:) / ■ → punto (.) / ■ → puntos suspensivos (...) / ■ → punto e coma (;)

Querida Carme: / Escriboche nada máis chegar a París. Isto é precioso. A sensación de estar xa en aquí é... Non sei como dicilo... Emocionante! Durante a viaxe en coche tamén visitamos unha chea cidades bonitas: Santander, Donosti, Bordeos... / Eu pensaba que descansariamos algo o primeiro día; non obstante, esta tarde xa imos visitar o Museo do Louvre. Mañá temos varias cousas programadas: ver o barrio latino, co seu ambiente bohemio; ir á Torre Eiffel, coas súas panorámicas da cidade; e pasear en barco polo Sena. / A verdade é que non me importa volver canso: levaba moito tempo agardando esta viaxe a París. E como dicía meu avó: «máis vale tarde ca nunca». / Unha forte aperta. Alicia

18. Resposta aberta.

19. ~~Ei, Xurxo!. Agarda por min!~~ → *Ei, Xurxo! Agarda por min!* (ou *Ei, Xurxo!, agarda por min!*) / ~~Calade!, Quero dormir!~~ → *Calade! Quero dormir!* (ou *Calade!, quero dormir!*) / ~~A quen elixo? a Xurxo? a Carme?~~ → *A quen elixo?, a Xurxo?, a Carme?* (ou *A quen elixo? A Xurxo? A Carme?*).


20. Eu non estaba interesada en xogar ao dominó, así que lle preguntei directamente, xa bastante nerviosa: / —Como podo saír de aquí? / O vello non fixo caso da miña pregunta e, coma se eu aceptase xogar a partida, achegoume unha cadeira similar á súa para que me puxese cómoda. / Evidentemente non sentei e, aproveitando os segundos de pausa que o vello empregou para tomar alento, insistín de novo. / —Dígame, como podo saír de aquí? / —Ah, esquecíame! —exclamou, mirando distraído para o reloxo de parede que penduraba do teito— Dispós de cinco minutos... Non. Xa só che quedan catro. Dispós de catro minutos para elixir o obxecto axeitado, contestar a pregunta e, se acertas, poderás marchar. Pero, entrementes, senta aquí e xoga unha partida comigo. / —Pero, de que demos me está a falar? —preguntei fóra de min—. Que obxecto teño que elixir? Cal é a pregunta que teño que contestar? Como podo saír deste maldito dado se non ten nin portas nin fiestras? Contésteme dunha vez, por favor!

Actividades




1. Animal, almorzar, brazo, cárcere, margarida, mércores.
2. Libro, aparellador, semáforo, camisa, bicicleta, felicidade, soñar, lóstrego, frigorífico, pantalóns.
3. *Agudas*: animal, almorzar, aparellador, soñar, pantalóns. *Graves*: brazo, margarida, libro, camisa, bicicleta, felicidade. *Esdrúxulas*: cárcere, mércores, semáforo, lóstrego, frigorífico.

4. Sopas de letras.



Patins: lleva acento gráfico porque é aguda rematada en -ns. / *Campá*: lleva acento gráfico porque é aguda rematada en vogal. / *Caracol*: non lleva acento gráfico porque é aguda rematada consoante distinta de -n ou -s. / *Tixola*: non lleva acento gráfico porque é grave rematada en vogal. / *Lapis*: non lleva acento gráfico porque é grave rematada -s. / *Cáliz*: lleva acento gráfico porque é grave rematada consoante distinta de -n ou -s. / *Álbum*: lleva acento gráfico porque é grave rematada consoante distinta de -n ou -s. / *Árbore*: lleva acento gráfico porque é esdrúxula. / *Semáforo*: lleva acento gráfico porque é esdrúxula. / *Áncora*: lleva acento gráfico porque é esdrúxula.

5. Camiño silábico.



Agudas: dominó, lacón, sulfatará. / *Graves*: cónsul, cáliz. / *Esdrúxulas*: parálise, rápido, nómade, democrático, crápula, lacónico, cópula, Rábade, decápodo.

6. *Singular*: cóctel (g). *Plural*: cócteles (e). / *Singular*: monitor (a). *Plural*: monitores (g). / *Singular*: caníbal (g). *Plural*: caníbales (e). / *Singular*: mandril (a). *Plural*: mandrís (a). / *Singular*: cámara (e). *Plural*: cámaras (e). / *Singular*: chinés (a). *Plural*: chineses (g). / *Singular*: espécime (e). *Plural*: especímenes (e). / *Singular*: infantil (a). *Plural*: infantís (a). / *Singular*: carácter (g). *Plural*: caracteres (g). / *Singular*: avestruz (a). *Plural*: avestruces (g).

7. Parque (g) - *parqué* (a). Cando limpes o parqué da casa faino con este produto especial para madeira. – Os nenos reúnen-se acotío no parque para xogar á pelota. / *Revólver* (g) - *revolver* (a). De cando en vez tes que revolver o guiso para que non se pegue. – O shériff desenfundou o seu revólver e os bandidos fuxiron de alí. / *Antigás* (a) - *antigas* (g). As casas desta rúa son as máis antigas e fermosas da vila. – Ante o perigo dos gases tóxicos, os bombeiros levaban máscaras antigás. / *Lucido* (g) - *lúcido* (e). O meu avó, a pesar da súa enfermidade, está lúcido e segue a gobernalo todo. – O vestido desa actriz pareceume pouco lucido porque tiña un deseño anticuado. / *Porqué* (a) - *porque* (g). Necesito saber o porqué da túa decisión. Non acabo de entender as túas motivacións. – É mellor que vajas hoxe ao banco porque mañá é festivo e precisamos os cartos.
8. Coñecín o teu avó cando eu era árbitro de balonmán. / Mañá comeza o sétimo congreso sobre avances tecnolóxicos na industria téxtil. / O capitán do equipo húngaro retírase hoxe do fútbol / De súpeto avaríouse a hélice do helicóptero no que viaxaba o cónsul xaponés. / Os ladróns daquela automóbil están xa no cárcere. / O cráter daquela volcán tiña cando menos dous quilómetros de diámetro. / Un astrónomo chinés acaba de descubrir un novo satélite de Xúpiter. / Simón foi ao médico porque se sente débil e ten dores no tórax.

Actividades



1. O Ministerio de Medio Ambiente paralizou a construción da presa de Narla, na provincia de Lugo, cunha Declaración de Impacto Ambiental negativa, segundo anunciou onte a ministra de Medio Ambiente, Cristina Narbona. / A Xunta de Galicia decretou tres días de dó oficial, de luns a mércores, pola morte de Xoán Paulo II. / A rúa Xeneral Pardiñas acolle desde hai uns poucos meses un local que promete facer as delicias dos afeccionados ao mundo das infusións, e máis en concreto, ao mundo do té. / A Terra Chá acolle os restos de Manuel María nun sepelio no que máis de tres mil persoas enmudeceron co adeus, en Outeiro de Rei, ao poeta da patria. / En España son varias as especies en perigo de extinción: o salmón atlántico, o oso pardo, a foca monxe ou a aguiña imperial. / Pola neve e o xeo cómpren cadeas no porto de Poio (Lugo) e a DXT recomenda precaución nalgunhas estradas de Lugo, de Pontevedra e da Coruña. / Galicia ten saldo de mobilidade laboral negativo. O número de traballadores que saen de Galicia para traballar noutras comunidades supera en case 4 000 persoas os empregados que chegan de fóra para traballar na nosa comunidade. / Os colectivos pesqueiros de Galicia manifestáronse onte en Santiago para pedir o cambio na actual normativa pesqueira. Os afectados pola crítica situación da anchoa do Cantábrico están en pé de guerra.

Resposta aberta.

2. O tenista protestou porque, segundo el, a súa pelota (→ *bóla*) entrou. / Estamos a agardar polo tren que procede (→ *vén*) de Lugo. / Non te entretañas tanto, que teño apuro (→ *présa*). Se non saio xa, perderei o autobús. / Eu convidei a Uxía á festa, pero (→ *mais*) ela non quixo vir / Enriba daquela rama (→ *póla*) do castiñeiro hai un niño de reiseñor. / Cando merque (→ *compre*) o meu coche novo irei de viaxe máis a miúdo. / A nosa egua (→ *besta*) pariu onte un poldro precioso. / Meu avó é mariñeiro e sabe facer máis de vinte ataduras (→ *nós*) diferentes.

3. Chucho Monteiro detense **á** beira do camiño de Castrillón. Remontou amodo a encosta da carballeira, levando na man unha **póla** de loureiro verde, e agora senta nas pedras do valado a carón do camiño. Pasear sen **présa** polo monte **é** unha cousa que o corpo lle pide, e un dos labores que **máis** tempo lle ocupa. Coloca a **póla** de loureiro debaixo do brazo, frega **as** mans para sacudirlles o po, saca tabaco e mistos, fai un pito e acéndeo. Desde alí divisa o val de Riba, e ao lonxe, ao **pé** dos montes de Lendo, os lugares da Raposeira, o Muíño e o serradoiro de Pitoques.
4. O home co xersei azul é maior ~~eo~~ **có** teu pai. / A irmá da túa amiga ~~da~~ **dá** moitos paseos. / Óeme ben! ~~Se~~ **Sé** bo se queres que che deixe ir ao cine. / A avó ~~ven~~ **ven** nese autobús, pero os netos non o ven chegar. / No zoolóxico, un oso polar rompeu un ~~ese~~ **óso**. / Impresionoume ver despregadas as ~~as~~ **ás** dos voitres. / Eva quere ~~mais~~ **máis** froita, mais só peras e uvas. / Ela díxome que fora ~~fora~~ **fóra** para ver se chovía. / Eu como menos ca ti pero bastante **máis** ~~ca~~ **cá** avoa. / Por que lle ~~das~~ **dás** a túa boneca á amiga das túas irmás? / Apoiei o pé no chanzo da escaleira para facer o ~~no~~ **nó** do zapato. / Xosé e Neves din que esa película ~~e~~ **é** aburrída. / Quen vos dixo que ~~vos~~ **vós** seriades titulares na dianteira? / ~~Compre~~ **Cómpre** que Xurxo compre no supermercado todo o que lle encargamos.
5. No banquete, uns maleducados andaban a tirar bolas de pan polo aire; *significado*: lanzaban bolas (moletes) de pan enteiras. – No banquete, uns maleducados andaban a tirar bólas de pan polo aire; *significado*: lanzaban anaquiños como pelouros feitos coa miga de pan. / Oe, ten coidado coa besta, non te vaias mancar; *significado*: pode darlle un couce o animal. – Oe, ten coidado coa bésta, non te vaias mancar; *significado*: pode cravarse unha frecha coa arma. / Non podemos baixar en piragua polo río con tanta presa; *significado*: hai moitos encoros que dificultan o paso. – Non podemos baixar en piragua polo río con tanta présa; *significado*: van demasiado rápido. / Os investigadores non esperaban atopar tantos osos naquel lugar; *significado*: atoparon os animais plantígrados. – Os investigadores non esperaban atopar tantos ósos naquel lugar; *significado*: atoparon pezas do esqueleto. / Atopeite con mala cara cando ías para o oculista. Ves ben agora?; *significado*: pregunta se ve mellor. – Atopeite con mala cara cando ías para o oculista. Vés ben agora?; *significado*: pregunta se volve ben do oculista.
6. ~~Das~~ **Dás** voltas e ~~mais~~ **máis** voltas sobre os teus ~~pes~~ **pés** como unha buxaina para ficar queda de súpeto e sentir como o mundo xira ao teu redor. Sobes ao alto do cabozo ao que eu lle tiña pavor, para saltar dende arriba e sentir ese verme que anda pola barriga. ~~Das~~ **Dás** pinchacarneiros. Fas o pino. Saltas en marcha da randeeira que che preparou o tío Ramiro pendurada da ~~po~~ **póla** ~~mais~~ **máis** grosa da mazaira, coma se foses lanzarte a voar. Encántache pendurarte das pernas da viga de madeira que cruza o alboio coma se foses roupa tendida. ~~As~~ **Ás** veces, a avoa quéixase e di que estas cousas ~~se~~ **só** as fan os nenos. Despois fita para ti cos ollos húmidos e brillantes, cóllete polas dúas mans, achégate ao seu regazo e di: «A túa nai era ~~mais~~ **máis** tranquila e non daba tanta guerra».



1. Ataúde (a - **ta** - **ú** - de), náufrago (**náu** - fra - go), cadeira (ca - **dei** - ra), raíña (**ra** - **í** - ña), astronauta (as - tro - **nau** - ta), avion (a - **vión**), león (**le** - **ón**), cadea (ca - **de** - a).
2. Como «muíño» (hiato: mu - **í** - ño): ruído, destruír, xuízo. Como «puido» (ditongo: pui - do): puiden, azuis, Tui. / Como «miúdo» (hiato: mi - **ú** - do): diúrno, viúvo, oriúndo. Como «partiu» (ditongo: par - tiu): escribiu, dividiu, recibiu.
3. Hiato: ae. Símbolo: ●●. / Hiato: ao. Símbolo: ●●. / Hiato: ea. Símbolo: ●●. / Hiato: eo. Símbolo: ●●. / Hiato: oa. Símbolo: ●●. / Hiato: oe. Símbolo: ●●.


Océano; sílabas: o - cé - a - no; acento gráfico: si; xustificación: palabra esdrúxula / coello; sílabas: co - e - llo; acento gráfico: non; xustificación: palabra grave rematada en vogal / néboa; sílabas: né - bo - a; acento gráfico: si; xustificación: palabra esdrúxula / petróleo; sílabas: pe - tró - le - o; acento gráfico: si; xustificación: palabra esdrúxula / poético; sílabas: po - é - ti - co; acento gráfico: si; xustificación: palabra esdrúxula / perdoar; sílabas: per - do - ar; acento gráfico: non; xustificación: palabra aguda rematada en consoante distinta de -n e -s / camaleón; sílabas: ca - ma - le - ón; acento gráfico: si; xustificación: palabra aguda rematada en -n / aldeán; sílabas: al - de - án; acento gráfico: si; xustificación: palabra aguda rematada en -n / paella; sílabas: pa - e - lla; acento gráfico: non; xustificación: palabra grave rematada en vogal.
4. ~~Raul~~ **Raúl** toca moi ben a ~~frauta~~. / A miña ~~tia~~ **tía** marcha mañá de ~~viaxe~~. / Precisamos un ~~cuarto~~ con ~~duas dúas~~ camas. / A Eva dóelle ~~moito~~ o ~~oído~~ **oído** dereito. / El ~~pesue~~ **posúe** uns cincuenta bolígrafos. / ~~Ainda~~ **Aínda** necesito outra ~~caixa~~. / Eu ~~continue~~ **continúo** con graves problemas de ~~suor~~. / Entón apareceu un ~~transeunte~~ **transeúnte** e freei. / Que fan eses ~~paus~~ dentro do ~~baul~~ **baúl**? / Xoán dixo que ~~ia ía~~ comprar un ~~iate~~. / Eu nunca vira tan ~~furioso~~ o meu ~~tio~~ **tío**. / El comeu toda a nosa ~~froita~~: é un ~~egoísta~~ **egoísta**.
5. Eu xa o (saber: P1, copretérito, indicativo) ~~sabía~~ todo antes de que mo contases. / Eu tamén (contribuír: P1, pretérito, indicativo) ~~contribuí~~ á vitoria do equipo. / Eles (amontoar: P6, pretérito, indicativo) ~~amontoaron~~ o lixo e logo botárono no colector. / Onte eu (cambiar: P1, pretérito, indicativo) ~~cambiei~~ unha roda traseira do meu coche. / Debemos falar baixo ata que os nenos (estar: P6, presente, subxuntivo) ~~estean~~ durmidos. / Esta noite (comer: P1, futuro, indicativo) ~~comerei~~ o resto do guiso. / Ela (continuar: P3, pretérito, indicativo) ~~continuou~~ durmindo, aínda que soou o despertador. / Ela non (poder: P3, pretérito, indicativo) ~~puido~~ durmir polo barullo que había na rúa. / Espero que eles me (deixar: P6, presente, subxuntivo) ~~deixen~~ a súa pelota. / Se el tivese cartos dabondo, (ir: P3, pospretérito, indicativo) ~~iría~~ de vacacións a Australia.
6. O 3 de agosto de 1977 entrei a traballar como botóns nun banco en Santiago de Compostela. Acababa de facer vinte anos. O curso académico entretivérao entre algunhas clases na facultade ás que ~~asistía~~ **asistía** pouco motivado, e unhas ~~reunions~~ **reunións** para estudantes ~~crístians~~ **cristiáns** nas que se mesturaba a ~~acción~~ **acción** política a favor dos máis humildes con certo tufo ~~psicoterapéutico~~ **psicoterapéutico** de alivio emocional. ~~Dirixía~~ **Dirixía** as ~~sesions~~ **sesións** un cura chamado ~~Luis~~ **Luis** Vilasuso, home agradable e práctico como o demostrou que, co paso dos anos, acabase exercendo de ~~coengo~~ **cóengo** na catedral compostelá. E foi en parte grazas a el que entrei no banco.

7. A ~~raíña~~ ~~raíña~~ dixo entre ~~bagoas~~ ~~bágoas~~ que viaxaba a ~~Suíza~~ ~~Suíza~~ por un problema de ~~saude~~ ~~saúde~~. / A ~~Luis~~ ~~Luís~~ ~~perdeee~~ ~~perdóoo~~ porque o accidente que provocou foi involuntario. / Hai dous ~~días~~ ~~días~~, ~~Lucía~~ ~~Lucía~~ sentia ~~sentía~~ unha forte dor no ~~oide~~ ~~oído~~ dereito. / ~~Xoán~~ ~~Xoán~~ ~~Bieitez~~ ~~Biéitez~~, o profesor de ~~Bioloxia~~ ~~Bioloxía~~, sabe moito sobre os ~~pingüins~~ ~~pungüíns~~. / A ~~miude~~ ~~miúdo~~ camiño pola beira do ~~rie~~ ~~río~~ ata o ~~muíne~~ ~~muíño~~. / Ese dianteiro do Paraguai intercambiou a ~~sua~~ ~~súa~~ camiseta cun xogador rival. / É unha ~~magoa~~ ~~mágoa~~, pero con esta ~~neboa~~ ~~néboa~~ non poderemos xogar o partido de ~~beisbol~~ ~~béisbol~~. / Acaban de ~~construir~~ ~~construír~~ unha estatua dedicada á ~~heroína~~ ~~heroína~~ ~~Maria~~ ~~María~~ Pita. / As baleas grises non son moi habituais nesta parte do ~~ocean~~ ~~océano~~ Atlántico. / Que o ~~xuíz~~ ~~xuíz~~ condenou o alcalde ~~arzuán~~ ~~arzuán~~ ~~soubeno~~ ~~sóubeno~~ hoxe mesmo.

Actividades




1. Ese escritor **colombiano** (→ regra 1) está a **escribir** (→ regra 2) a súa **autobiografía** (→ regra 9). / Fun **buscar** (→ regra 6) á **biblioteca** (→ regra 8) un **libro** (→ regra 7) **sobre** (→ regra 7) **trobadores** (→ regra 10) galegos. / O adestrador **comentaba** (→ regra 5) aos xornalistas que Xoán **debe** (→ regra 4) **contribuír** (→ regra 3) máis ao xogo do equipo.
2. Ela e mais eu **conversamos** (→ regra 2) sobre a **divertida** (→ regra 7) escena do **tranvía** (→ regra 1) da película que **vimos** (→ regra 4) onte. / Segundo eles, o peor de **vivir** (→ regra 3) en Noruega son os continuos **chuvascos** (→ regra 10) e o frío **invernal** (→ regra 1). / O **vicecónsul** (→ regra 8) pronunciou un **emotivo** (→ regra 6) discurso de máis de **vinte** (regra 5) minutos.
3. Orella → **ovella**; **alga** → **alba**; **salgada** → **valgada**; **diñeiro** → **viveiro**; **alpino** → **albino**; **afogar** → **avogar**; **zoo** → **voo**; **miúdo** → **viúvo**; **cazar** → **bazar**; **tépedo** → **bébedo**; **rumor** → **rubor**; **afondar** → **abondar**; **afinar** → **avivar**; **demorar** → **devorar**; **cerrar** → **berrar**; **ciscar** → **bisbar**; **saleiro** → **baleiro**; **susto** → **busto**; **calor** → **babor**; **sentido** → **benvido**; **outear** → **ouvear**.
Resposta aberta.
4. Sopa de letras.



Uso de «b» e «y»

5. Encrucillado.




6. Resposta aberta.

7. Gustá**b**ame **a**brir aquela chocolatina con sumo coidado procurando non romper nada. Inmediatamente despois do papel **v**ermello tiña un papel de seda **b**ranco e despois outro prateado que me serv**v**ía para ir engrosando a miña **b**óla de papel de prata. Finalmente aparecía a cativ**v**adora e arredendente chocolatina. Entre o papel de seda e o de prata hab**h**ía un cromó que, ao chegar á casa, gard**a**ba con outros de anteriores **v**isit**a**s nunha caixa de lata que por fóra tiña uns car**v**eis pintados. A colección de cromos chamá**b**ase «As marab**b**illas do univ**v**erso». Os temas eran moitos e moi **v**ariados. Desde av**v**ións, sub**b**marinos, a historia da radio, o cine, a telev**v**isión, os reis do mar... e moitos máis que non lemb**b**ro agora.
8. Que non se che ocorra **r**evelar a ninguén o meu segredo. – Manuel dixo que non atura máis e que hoxe se vai **r**e**b**elar contra o seu xefe. – O fotógrafo está a **r**evelar no seu laboratorio varios carretes de fotos. / Se tes un problema **v**ocal, o mellor é acudir a un laringólogo. – É obrigado que os cans leven **b**ocal pola rúa. / Ese tecido para o vestido paréceme moi **b**asto. Prefiro outro máis fino. – A Antártida é un **v**asto e xeado territorio que aínda está por explorar. – Gañou a partida de brisca porque na última man tiña un **b**asto e dous ouros. / Se non gardas ese queixo na neveira, vai coller **b**alor. – O **v**alor destes terreos aumentou moito desde que pasa por aquí a autovía. – Cómpre ter **v**alor para lle dicir iso a Paula na súa cara.
9. Gustoume moito a gravata **v**ermella que lev**v**abas onte na **v**oda. / Chama a Este**v**o e dille que esquecín uns **b**otes de **v**erniz no portav**v**ultos do seu coche. / **B**ieito ten que **v**olver ao mercado porque esqueceu comprar os gar**v**anzos e as **v**erzas. / Despois do **b**anquete tiven que des**a**brochar a **f**ibela do cinto porque **r**e**b**entaba / **C**risto**v**o quedou oitavo na proba de lanzamento de x**v**elina. / Miña **a**voa está en **o**bservación no hospital porque lle descub**r**iron un **v**ulto no **b**razo. / Ás **v**eces, as cantigas dos tro**b**adores medievais critic**a**ban os nob**r**es pola súa cov**v**ardía. / Aquela muller **e**svelta disfrazada de **b**ruxa con **v**asoira é a miña **a**vogada. / O automób**b**il **e**nvorcou cando cheg**a**ba ao pavillón de deportes.



1. **Ah** (→ regra 6), es ti! Que susto! Pensei que non **había** (→ regra 1) ninguén na casa. / Calquera ser **humano** (→ regra 3) pode ter problemas **hepáticos** (→ regra 2). / **Hoxe** (→ regra 8) lin que Ourense tan xa máis de cen mil **habitantes** (→ regra 1). / Foi un **horror** (→ regra 4) ver aquel accidente no **hipódromo** (→ regra 2). / **Bah!** (→ regra 6) Eu non te creo. Ti non sabes nada de **hipnotismo** (→ regra 2) por moito que digas. / Ela actuou como unha **harpía** (→ regra 8): chamoume **alcohólica** (→ regra 5).
2. Encrucillado.



Resposta aberta.

3. O **superheroe** protagonista deste cómic pode voar e facerse invisible. / Como sigas actuando en contra de teu pai, el vaite **desherdar**. / Interésame moito a **prehistoria** de Galicia, sobre todo os petróglifos e as mámoas. / Hoxe na reunión houbo un ambiente moi **harmonioso**: ninguén discutiu nin berrou. / Segundo moitos, a lexítima **herdeira** do trono de Castela era Xoana a Beltranexa. / Se non queremos estragar o noso futuro, cómpre **harmonizar** urbanismo e natureza. / Segundo ese **historiador**, o castelo de Vimianzo foi construído entre o século XII e o XIII. / O home que rescatou os nenos do incendio foi recoñecido polo seu **heroísmo**.

Familia léxica de «historia»: prehistoria, historiador... *Familia léxica de «heroe»:* superheroe, heroísmo... *Familia léxica de «herdar»:* desherdar, herdeira... *Familia léxica de «harmonía»:* harmonioso, harmonizar...

4. ~~Proibir~~ – prohibir. Bafo - ~~bafo~~. Veículo - vehículo. ~~Exibir~~ - exhibir. Baía - ~~baía~~. ~~Menir~~ - menhir. Proído - ~~proído~~. ~~Boemie~~ - bohemio.

Resposta aberta.

5. Estevo arrimou a lámpada ao corpo da súa **irmá**. Estaba enchoupada en suor. A nena batía dente con dente na **inconsciencia** da febre. A bruxa apartou a basta tea que a cubría e deixou ao aire o brazo da picadura. Estaba **horriblemente inchado** desde o **ombreiro** ata os dedos. **Había** un círculo negro no lugar onde a víbora lle cravara os dentes e del **irradiaba** unha profunda cor mourada. A bruxa tocouno e apertou cos dedos aquí e acola.


6. Miña nai trouxo un *abano* porque sabía que aquí non hai aire acondicionado. – Para non molestar co fume do seu *habano*, o padriño foi fumar ao xardín. / A ver cando vés por Lugo, que teño moitas ganas de verte. – Eu creo que agora mesmo no teatro debe *haber* unhas cincocentas persoas. / *Hai* dez anos nesta praia non se vía ningún chalé. – *Ai!* Ten coidado. Acabas de pisarme no pé que teño mancado. – As chaves están *aí* mesmo, ao teu carón. / Ti *has* facer exactamente o que eu che diga. – Se tes o *ás* de ouros, gañas esta man e a partida. – Xa son as dúas e media.
7. Naquel lugar tan *ermo* apareceron novos *achados prehistóricos*. / A esta antiga armadura *holandesa* faltáballe unha *ombreira* e o *helmo*. / Un *irmán* de *Helena* toca a *arpa* na orquestra *filharmónica*. / Que quedases *orfo* non xustifica que sexas un *truán* e que leves unha vida *bohemia*. / O *hóspede* da casa rural quedou marabillado polo *exuberante* xardín cheo de *hedras*. / *Velaí* tes unha foto do palacio *hindú* que estamos a *rehabilitar*. / Eu non viñen ao *hospital* por unha fractura de *úmero* senón por unha *hemorragia*. / Ana non se *hospedou* nese *hotel* porque estaba *prohibido* fumar en todas partes. / Un dos meus *anhelos* é *herdar* o veleiro do avó e navegar con el pola *baía*. / A media *hora* andando desde esta *ermida* podemos topar un antiquísimo *menhir*.

Actividades



1. Extraordinario, estrada, estranxeiro, estrañeza, extrasensible, estradense, extrapolar, extraditar, extragar, extravertido, extrauterino, extraxudicial, estralo, estratexia.
2. Exportar, espírito, espremer, ex-presidente, expropiar, espectáculo, expoñer, esdrúxula, excursión, ex-conselleira, espertar, esculpar, escusa, expulsar.
3. Os nenos do colexio farán mañá unha *excursión* ás Cíes. / Van *expropiar* varias leiras nesta zona para construír un centro médico. / Aquel dianteiro marcou un gol *extraordinario*: caneou cinco xogadores e mais o porteiro. / A palabra «automático» é *esdrúxula*. / Xurxo ten un carácter moi *extravertido*: gústalle falar e sempre coñece xente nova. / Que tiveses moito traballo non me parece *escusa* para faltar á voda de Antón e Clara. / Este teléfono ten unha antena *extrasensible* que permite maior cobertura. / Os avogados das dúas partes chegaron a un acordo *extraxudicial* para resolver o conflito. / Bill Clinton, *ex-presidente* dos Estados Unidos, dará mañá unha conferencia en Compostela. / Se imos facer zume para todos, hai que *espremer* polo menos tres quilos de laranxas. / Onte fomos ver ao teatro un *espectáculo* de maxia. / Non lle deas golpes ao meu ordenador portátil, aínda o vas *extragar*. / Din que van *expulsar* a Carlos do colexio polo seu mal comportamento. / A *estrada* que vai de Valdoviño a Cedeira está chea de curvas. / Ese empresario dedícase a importar e *exportar* todo tipo de mercadorías.

4. Sopa de letras.



5. Resposta aberta.

Resposta aberta.


6. Resposta aberta.

7. Durante a **escavación** deste **extenso** castro atoparon uns **obxectos** **estraños**. / Para facer este **traxe**, o **xastre** **estendeu** sobre a mesa, sen **esaxerar** (ou **exaxerar**), tres metros de tea. / O ruído desa **escavadora** **espertoume** da **sesta** e case me **deixa** **xordo**. / Ese camareiro **estranxeiro** preparoume un zume de laranxa cun **estraño** **espremedor**. / Hai que **extremar** a limpeza na cociña, por iso é **urxente** limpar a **graxa** do **extractor**. / Aínda que padezo **vertixe**, desde esta **cornixa** **vexo** unha **extensa** panorámica do val. / Acabamos de fichar un **excelente** **extremo** dereito, pero hai que ser **esixente** (ou **exixente**) con el. / Paréceme **excesivo** que no hospital che **quixesen** **extirpar** o **exófago**. / O **prestixioso** violinista do **sexteto** de corda precisou **osíxeno** (ou **oxíxeno**) despois da actuación. / Grazas aos **extintores** o incendio non se **estendeu** máis alá da **vixésimosexta** planta.

Actividades



1. Encrucillado.



Uso de «x», «ll» e «j»

2. Tema → **x**ema; abrazar → abra**i**ar; aseo → **al**leo; infectar → in**x**ectar; bota → bo**i**a; barata → bar**al**la; tesa → tell**a**; bate → **i**ate.

Ela lanzouse ao mar desde o **i**ate, nadou ata a **bo**ia e logo volveu. / Noto, polo tacto na **x**ema dos dedos, que esa **bar**alla é nova. / Non te podes abra**i**ar dese xeito: ese é un problema **al**leo que a ti non che afecta. / Non sei por que me teñen que **in**xectar unha vacina porque me caese unha **tell**a no pé.

3. ● → i; ● → ll; ● → x. / Maionesa, pi**o**llo, o**l**leiras, bo**i**a, tra**x**ectoria, **x**axuar, No**i**a, estrop**al**lo, Ba**i**ona, **x**ugular, **x**acer, mig**al**las, garg**al**lada, o**l**lal.

Resposta aberta.

4. O líquido **abrillantador** que me recomendaches é boísimo: o meu parqué loce como nunca. / O presidente espera obter o apoio **maioritario** do Parlamento. / Por sorte, o **proxectil** disparado polo tanque non feriu a ninguén. / Manuel contribuíu con **brillantez** á vitoria do seu equipo: marcou tres goles. / Algún gamberro dedicouse a **raiar** o meu coche cunhas chaves pola noite. / Meu avó xogaba **maiormente** de dianteiro, aínda que tamén foi porteiro. / Ese escritor naceu no concello de Lobios, **raiano** con Portugal. / Os sindicatos están en desacordo co **anteproxecto** de lei que prepara o goberno.

Familia léxica de «brillo»: abarrantador, brillantez... Familia léxica de «raia»: raiar, raiano... Familia léxica de «proxecto»: proxectil, anteproxecto... Familia léxica de «maior»: maioritario, maiormente...

5. Levade esas caixas vellas ao **faio**, que aquí estorban. – Por cada **fallo** no exame, a profesora restounos medio punto. / O oculista dixo que me aumentou lixeiramente a miopía no **ollo** dereito. – Fala máis alto, que non **oio** ben con este ruído. / Estamos a buscar un coche que **valla**, como moito, sete mil euros. – Cando **vaia** a Roma, visitarei o Vaticano. / Neste monte vese moita **faia** e tamén moito carballo. – Tiven algúns problemas en Londres pola miña **falla** de costume de falar en inglés. / Antes mallábase manualmente o cereal co **mallo** para separar o gran da palla. – Estaremos de viaxe ata que remate o mes de **maio**.

6. O noso **i**ate quedou **aboiando** co motor avariado, ata que nos remolcaron ata a **praia**. / Mañá **proxectarán** unha película **iemení** no castelo de Soutoma**ior**. / Hoxe estou de **antollo**: de primeiro quero **lentellas**; de segundo, **coello**; e de sobremesa, **iogur**. / Quedei **abraiado** ao verme no **espello** con aquel disfrace de **pallaso**. / Durante o roubo, o meu **xenro** foi ferido cunha **navalla** preto da **xugular**. / Polo seu aniversario, os **cónxuxes** compraron **agasallos** nesa **xoiaría**. / No poema dese autor **uruguaio** **subxace** o tema do imperialismo **ianqui**. / A **maioría** da xente da vila sabe que este **atallo** é o **traxecto** máis curto ata a fonte. / A profesora de **ioga** recomendoume un día de **xaxún** para eliminar as miñas **olleiras**. / No pasado mes de **maio**, un incendio provocado por un **raio** destruíu aquel bosque de **faias**.




Grupos -cc- e -ct-

1. Adxectivo, condutor, obxecto, occidental, produto, acción, ficción, exacto, ditado, pictórico, vítima, doutor, tradución, oitavo.

Despois de «a», «e», «o», -cc- e -ct-: adxectivo, obxecto, occidental, acción, exacto. *Excepcións:* doutor, oitavo. / *Despois de «i», «u», -c- e -t-:* condutor, produto, ditado, vítima, tradución. *Excepcións:* ficción, pictórico.

2. Encrucillado.



3. *Palabras con -cc- ou -ct-:* succión, convicción, eructar. *Palabras con -c- ou -t-:* acueduto, destrutor, reproducción, condutor, lutuoso.

Resposta aberta.

4. Se non hai vontade real de chegar a un acordo, este diálogo resultará *improdutivo*. / A nosa profesora hoxe fixo un *ditado* para que melloremos a nosa ortografía. / O escritor explicou que decidiu *estructurar* a súa novela en dez capítulos. / A violencia é un problema *estructural* da sociedade: afecta a todas as idades e clases sociais. / Ese actor de Hollywood será *produtor* e director do seu próximo filme. / Estou a ler un libro sobre a represión durante a *ditadura* franquista.

Familia léxica de «ditar»: ditado, ditadura... *Familia léxica de «estructura»:* estructurar, estructural...

Familia léxica de «produto»: improdutivo, produtor...

5. Gasoduto - ~~gasoducto~~. Drogadito - drogadicto. Reitor - ~~rector~~. Redución - ~~reducción~~. Seita - ~~secta~~. Dición - ~~dicción~~. Beditino - ~~benedictino~~. Fricción - ~~fricción~~.

As autoridades pesqueiras acordaron unha *redución* das capturas de sardiña. / O mosteiro *beneditino* de San Salvador de Lourenzá foi fundado no ano 969. / A miña empresa está a construír en Lugo un *gasoduto* de seis quilómetros. / Moitos pobos prehistóricos conseguían lume mediante a *fricción* de dous paus secos. / Non é que eu teña problemas de *dicción*; é que estou a falar cun caramelo na boca. / O *reitor* da universidade pronunciou un emotivo discurso na súa despedida. / Esa ONG dedícase a ofrecer axuda e asesoramento a *drogadictos* e aos seus familiares. / Ese home foi acusado de dirixir unha *seita* moi perigosa.

6. Díxenlle ao xuíz, con ~~respeto~~ *respecto*, que dubidaba da ~~obxeitidade~~ *obxectividade* do seu veredicto. / O produto que me receitau o ~~doctor~~ *doutor* para deixar de ~~erutar~~ *eructar* é boísimo. / O ~~acueducto~~ *acueduto* romano de Segovia é unha das ~~construccións~~ *construcións* máis ~~espetaculares~~ *espectaculares* que coñezo. / Esta é a ~~octava~~ *oitava* ~~victoria~~ *vitoria* consecutiva do noso equipo: somos o único equipo invicto. / As vítimas do ~~acidente~~ *accidente* entre os ~~tratores~~ *tractores* ofrecen versións ~~contradictorias~~ *contraditorias*. / O reitor da universidade anunciou a ~~construcción~~ *construción* dunha nova facultade de ~~Traducción~~ *Tradución*. / A profesora ~~dictounos~~ *ditounos* un texto sobre un planeta ficticio e eu escribín mal dous ~~adjetivos~~ *adxectivos*.

Actividades



1. *Rematan en -zo, -za*: cobiza, desprezo, xuízo, cansazo, presenza. / *Rematan en -cio, -cia*: farmacia, beneficio, sacrificio.
2. O informe elaborado por técnicos de *Consumer* o pasado mes de xuño serviu tamén para constatar o que xa é sabido: os *prezos* que rexen nas áreas de *servizo* son superiores aos que o usuario está afeito a pagar en establecementos semellantes (tendas, bares, restaurantes) fóra delas. Os datos indican que o menú do día nun restaurante destes *espazos* para descanso do automobilista custa 9 euros de media, chegando ata os 11 euros de media na AP-7 que une Barcelona con Valencia. / A Sala do Social do Tribunal Superior de *Xustiza* de Galicia desestimou o recurso de suplicación interposto polo Concello de Mos contra a *sentenza* ditada polo Xulgado do Social Nº 4 de Vigo, no que se declaraba «despido improcedente» o do traballador do Grupo Municipal de Intervención Rápida (GRUMIR). / Dos once millóns de euros recibidos no período 2000-2006 en concepto de Fondos de Cohesión, Cataluña e Madrid recibiron 7,2 millóns, ou o equivalente a dous *terzos*. Esta repartición, lonxe de reducir as *diferenzas* internas entre os estados e favorecer a competitividade, agrandou as desigualdades. A inxección de cartos nesas dúas comunidades axudou a que creceran máis que a media europea, ao ser máis atractivas para a instalación de novas empresas. De feito, Madrid foi a terceira rexión en crecemento económico de Europa nos últimos sete anos. *Grazas* aos investimentos europeos, a comunidade madrileña deixou atrás a 34 rexións e situouse na posición 39 das 210 existentes antes da ampliación.

3. Encrucillado.



4. Resposta aberta.